

**2015**

APE GALICIA

Asociación intersectorial e  
interterritorial de autónomos  
e pequenas empresas de  
Galicia

# **BOLETÍN XANEIRO**

AXUDAS PARA O SECTOR TURÍSTICO  
AXUDAS PARA O SECTOR VITIVINÍCOLA  
AXUDAS PARA O SECTOR PESQUEIRO  
AXUDAS PARA O SECTOR AGRÍCOLA  
AXUDAS PARA O SECTOR COMERCIO  
OUTRAS AXUDAS DE INTERESE

# [ SUBVENCIONES CON OBJETO DE IMPLEMENTAR AS NORMAS UNE PARA A CERTIFICACIÓN DA MARCA Q DE CALIDADE TURÍSTICA (TU970A)

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 20/02/2015 ]

**OBXECTIVO:** *Axudar a establecementos de turismo rural, establecementos hoteleiros, apartamentos e vivendas turísticas, campamentos de turismo, axencias de viaxes, cafeterías, bares, restaurantes e empresas de servizos turísticos complementarios nos procesos de certificación, seguimento e renovación das correspondentes normas UNE co obxecto da obtención e/ou mantemento da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE).*

## INVESTIMENTOS COMPUTABLES

Consideraranse actuacións subvencionables as dirixidas á mellora da calidade turística: procesos de primeira certificación, seguimento e/ou renovación da marca de Calidade turística Q do ICTE, correspondentes ao ano 2015 e que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2015.

Os conceptos obxecto desta axuda son aqueles procedentes de colaboracións externas e servizos asociados aos procesos de certificación cuxos custos sexan soportados directamente polos establecementos:

- Custos de auditoría externa de certificación, seguimento e/ou renovación do sistema, facturados por entidade auditora acreditada polo ICTE para a realización da auditoría de certificación, seguimento ou renovación. Os importes obxecto de subvención serán os derivados, exclusivamente, dos custos de auditoría do ano 2015.

- Custos derivados dos dereitos de uso da marca Q no ano 2015, unha vez acadada a certificación,

seguimento e/ou renovación do establecemento, facturados polo ICTE ao establecemento.

Só se procederá ao pagamento da axuda no caso do logro efectivo da certificación correspondente, que se deberá acreditar de xeito fidedigno ante a Axencia Turismo de Galicia, e, en ningún caso se pagará a axuda sen esta condición.

Non serán beneficiarios desta axuda os establecementos certificados coa marca Q de Calidade turística do ICTE, baixo a fórmula de auditoría multi-site.

## CONTÍA DAS AXUDAS

As axudas poderán acadar un máximo de ata o 65 % do orzamento subvencionable. O importe subvencionado por este concepto será dun máximo de 3.000 euros para os procesos de primeira certificación e/ou renovación da marca Q e de 2.000 euros para procesos de seguimento.

## REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150120/AnuncioG0256-120115-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150120/AnuncioG0256-120115-0002_gl.html)

**[AXUDAS PARA O SECTOR VITIVINÍCOLA  
MEDIDAS DE PROMOCIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA  
EN MERCADOS DE TERCEIROS PAISES  
PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 15 DE FEBREIRO ]**

*Serán financiáveis as medidas de información e promoción dos viños en terceiros países. As ditas accións deberán levarse a cabo preferentemente no marco dun programa de información e de promoción, entendendo como tal o conxunto de accións de promoción coherentes que se desenvolvan en un ou varios terceiros países, cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización. Os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos por beneficiario e país.*

**BENEFICIARIOS**

- a) Empresas vinícolas,
- b) As organizacións de produtores, asociacións de organizacións de produtores e organizacións interprofesionais
- c) Órganos de xestión das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas vnicas.
- d) Asociacións de exportadores e consorcios de exportación participados exclusivamente por empresas do sector vitivinícola.
- e) Entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.
- f) As cooperativas de segundo ou ulterior grao que comercializan viños elaborados polas súas adegas cooperativas asociadas.

**REFERENCIA LEXISLATIVA:**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150109/AnuncioG0165-261214-0009\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150109/AnuncioG0165-261214-0009_gl.html)



## [AXUDAS PARA O SECTOR PESQUEIRO

### Axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste

Prazo de presentación de solicitudes ata o 21 de febreiro ]

*A finalidade das axudas reguladas nesta orde é axeitar a capacidade pesqueira da frota coa dispoñibilidade dos recursos mariños, mediante a redución do esforzo pesqueiro e, así, lograr un equilibrio sustentable que asegure que a pesca siga sendo unha actividade de desenvolvemento económico para esta comunidade*

#### BENEFICIARIOS

1. Os propietarios de buques pesqueiros da 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques que cumpran os seguintes requisitos:

a) O buque ten que ter unha antigüidade mínima de dez anos, ter o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e atoparse de alta no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Censo de frota pesqueira operativa.

b) O buque deberá ter unha actividade pesqueira mínima de 90 días de pesca en cada un dos dous períodos de doce meses anteriores á data de solicitude de paralización definitiva ou, alternativamente, 120 días de pesca nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva.

c) O buque non deberá ter sido achegado como baixa para unha nova construción ou modernización.

d) O buque ten que estar afectado polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste.

e) Ao solicitar a axuda, o buque deberá estar libre de cargas e gravames.

f) O buque deberá estar en condicións de navegar e realizar a actividade pesqueira nas condicións que exige a normativa en vigor.

g) Ademais dos anteriores requisitos, deberán cumprirse as condicións recollidas no artigo 23 do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca e no Programa operativo para o sector pesqueiro español.

#### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150121/AnuncioG0165-130115-0003\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150121/AnuncioG0165-130115-0003_gl.html)



## AXUDAS PARA O SECTOR PESQUEIRO

### AXUDAS A PARALIZACIÓN DEFINITIVA DOS BUQUES PESQUEIROS

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 21 DE FEBREIRO

*A finalidade das axudas reguladas nesta orde é adecuar a capacidade pesqueira da frota coa dispoñibilidade dos recursos mariños mediante a redución do esforzo pesqueiro e, lograr así un equilibrio sustentable que asegure que a pesca siga sendo unha actividade de desenvolvemento económico para esta comunidade.*

#### BENEFICIARIOS

Os propietarios de buques pesqueiros da 3º lista do Rexistro de Matrícula de Buques, excepto os incluídos no Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste, que cumpran os seguintes requisitos:

a) O buque ten que ter unha antigüidade mínima de dez anos, ter o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e estar de alta no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

b) O buque deberá ter unha actividade pesqueira mínima de 90 días de pesca en cada un dos dous períodos de doce meses anteriores á data de solicitude de paralización definitiva ou 120 días de pesca nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva.

c) O buque non deberá estar achegado como baixa para unha nova construción ou

modernización.

d) O buque ten que estar incluído nun plan do axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21, letra a) do Regulamento (CE) nº 1198/2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.

e) Que ao solicitar a axuda o buque estea libre de cargas e gravames

f) O buque deberá estar en condicións de navegar e realizar a actividade pesqueira nas condicións que exige a normativa en vigor.

g) Ademais dos anteriores requisitos, deberán cumprirse as condicións recollidas no artigo 23 do Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, d 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca e no programa operativo para o sector pesqueiro español.

#### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150121/AnuncioG0165-130115-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150121/AnuncioG0165-130115-0001_gl.html)



## AXUDAS PARA O SECTOR PESQUEIRO

### AXUDAS AOS INVESTIMENTOS A BORDO DE BUQUES PESQUEIROS, SELECTIVIDADE E RENDEMENTO ENERXÉTICO

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES ATA O 19 DE

FEBREIRO

*A finalidade destas axudas é a de contribuír á modernización da frota pesqueira galega mediante o financiamento de investimentos a bordo dos buques pesqueiros sempre que estes investimentos poidan servir para mellorar a seguridade a bordo, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade, sempre que iso non aumente a capacidade pesqueira dos buques, así como a substitución dos motores, as artes de pesca e aqueloutros investimentos que reduzan os descartes, o impacto da pesca no ecosistema mariño e aqueles que protexan as capturas e as artes dos depredadores salvaxes.*

#### BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarios os propietarios de buques pesqueiros da 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques que cumpran os seguintes requisitos:

a) O buque para o que se solicita o investimento ten que ter cinco anos ou máis, ter o seu porto base na Comunidade Autónoma galega e atoparse inscrito no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

b) Ter a correspondente resolución de autorización para realizar os investimentos solicitados naqueles casos en que esta sexa necesaria.

Será necesaria a autorización para aquelas obras do buque que dean lugar á variación das características de manga, puntal, eslora total, eslora entre perpendiculares e material do casco, así como tamén para os cambios de motor propulsor ou


potencia auxiliar do buque, modificación dos tanques de combustible e calquera outra reforma que poida afectar a estabilidade ou navegabilidade do buque.

c) No caso de buques cuxa primeira venda dos produtos que captura sexa en fresco e, polo tanto, obrigatoria en lonxa, o volume de vendas que se obteña da suma das notas de venda durante o ano anterior ao da convocatoria deberá ser superior ao 50 % da media obtida para ese porto base e polo tipo de frota segundo as agrupacións recollidas no número 2 do artigo 15 desta orde.

d) No caso de buques para os que a primeira venda dos produtos que captura non sexa obrigada en lonxa, o buque debe dispoñer da autorización para realizar a devandita venda.

#### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150119/AnuncioG0165-070115-0001\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150119/AnuncioG0165-070115-0001_gl.html)



## AXUDAS PARA O SECTOR AGRÍCOLA E FORESTAL

**AXUDAS PARA OS INVESTIMENTOS EN  
TRANSFORMACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE  
PRODUTOS AGRARIOS E FORESTAIS** PRAZO DE  
PRESENTACIÓN ATA O 15 DE FEBREIRO ]

***A finalidade é incentivar os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia destinadas á transformación e a comercialización de produtos agrarios e forestais.***

### BENEFICIARIOS

As persoas físicas ou xurídicas, e as súas agrupacións, que teñan unha actividade económica, sexan titulares das instalacións obxecto de axuda, e sobre as cales recaia a carga financeira dos investimentos e gastos que se consideren subvencionables. As corporacións locais non poderán ser beneficiarias destas axudas.



### REQUISITOS

Para a concesión e/ou pagamento das axudas, os investimentos e solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos adicionais:

1. Os investimentos deben mellorar o rendemento global da empresa solicitante. Para eses efectos, deben ter algún dos obxectivos seguintes:

- Aumentar a competitividade da empresa.
- Reducir os custos.
- Aumentar o valor engadido.
- Reducir o impacto ambiental.
- Mellorar a rastrexabilidade e seguridade das producións.
- Diversificar as producións e/ou os mercados.
- Mellorar a calidade das producións.
- Implantar novos produtos, procesos ou tecnoloxías.
- Mellorar a comercialización das producións.

Para acreditar isto, na memoria que acompañe a solicitude de axuda xustificárase expresamente e de forma razoada en que medida os investimentos contribúen a acadar algún dos obxectivos sinalados.

### CONTÍA DAS AXUDAS

- Microempresas, pequenas e medianas empresas: 50%
- Empresas intermedias: 25%

### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150115/AnuncioG0165-020115-0005\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150115/AnuncioG0165-020115-0005_gl.html)



## AXUDAS PARA O SECTOR COMERCIO

### SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONES DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO PARA A DINAMIZACION DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS E PRAZAS DE ABASTOS DE GALICIA

PRAZO DE PRESENTACION ATA O 13 DE FEBREIRO

**Serán subvencionables os proxectos que teñan por finalidade acadar a dinamización e revitalización dos centros comerciais abertos a través de:**

a) Dinamización comercial mediante a realización de campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios, así como a elaboración de material promocional das actuacións desenvolvidas. No caso de que o material promocional sexan bolsas, o importe máximo da subvención por este concepto será de 3.000 euros.

O desenvolvemento de campañas de dinamización ou actuacións encamiñadas á promoción das vendas deberán presentarse dentro dun proxecto de incentivación ao consumo en que se amose a participación directa dos establecementos comerciais asociados.

b) Desenvolvemento de sistemas de fidelización a través de servizos dirixidos á clientela cuxa finalidade sexa aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer a clientela.

c) Sinalización comercial externa, a través de elementos identificativos da área comercial.

d) Mellora da competitividade comercial a través das seguintes actuacións:

d.1) Proxectos de creación ou posta en funcionamento e consolidación de centrais de compras e servizos.

d.2) Creación de redes de comunicación.

d.3) Xornadas técnicas e congresos en materia de comercio.

e) Os gastos imputables ás unidades xerenciais, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 3.1.3, e derivados da formulación, execución e seguimento do proxecto obxecto da subvención.

Só serán subvencionables por este concepto recollido na letra e), aqueles proxectos que inclúan, ademais, dúas actuacións das descritas nas letras a) e b) deste punto.



***Serán subvencionables os proxectos que teñan por finalidade acadar a dinamización e rexeneración das prazas de abastos a través das seguintes actuacións:***

a) Instalacións e equipamentos do mercado e das praceiras e dos praceiros.

b) Desenvolvemento de sistemas de fidelización a través de servizos complementarios cuxa finalidade sexa aumentar as vendas, atraer novas persoas consumidoras e satisfacer a clientela.

c) Sinalización comercial.

d) Dinamización comercial mediante a realización de campañas de promoción, publicidade en medios de comunicación ou en soportes publicitarios, así como a elaboración de material promocional das actuacións desenvolvidas. No caso de que o material promocional sexa bolsas, o importe máximo da subvención por este concepto será de 3.000 euros.

O desenvolvemento de campañas de promoción ou actuacións encamiñadas á promoción das vendas deberán presentarse dentro dun proxecto de incentivación ao consumo en que se amose a participación directa das praceiras e dos praceiros.

e) Os gastos imputables ás unidades xerenciais derivados da formulación, execución e seguimento do proxecto obxecto da subvención.

f) Accións de mellora da competitividade comercial como xornadas técnicas ou formación que contribúan á capacitación técnica dos praceiros, á optimización da imaxe das prazas e á mellora do servizo aos clientes.

**REFERENCIA LEXISLATIVA**

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150113/AnuncioCA04-301214-0002\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150113/AnuncioCA04-301214-0002_gl.html)



## AXUDAS PARA O SECTOR COMERCIO SUBVENCÍONS PARA FOMENTAR A REMUDA COMERCIAL

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 31 DE AGOSTO

*A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, ten como obxectivo prioritario consolidar o sector comercial mediante o fomento e apoio da remuda comercial para asegur a continuidade daqueles negocios que veñen funcionando desde hai máis dunha década ao mesmo tempo que incentiva aqueles emprendedores que queren iniciar a súa andaina comercial nun negocio xa posicionado no sector e viable.*

### CONTÍAS

a) Os transmisores que teñan a idade ordinaria para causar a pensión de xubilación percibirán un **pagamento único**, que se fixa na cantidade de oitocentos euros (800,00 €).

b) Os transmisores que non teñan acadado a idade ordinaria de xubilación percibirán un pagamento único a razón de oitocentos euros (800,00 €) mensuais ata o último mes en que cumpran a idade ordinaria de xubilación legalmente establecida.

c) Os adquirentes do negocio percibirán un pagamento único de dos mil euros (2.000 €), con independencia do número de establecementos que adquiran.

### BENEFICIARIOS

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia.

b) Ter unha idade mínima de 64 anos cumpridos na data da solicitude.

c) Exercer, como titular do comercio, de forma ininterrompida durante os últimos dez anos.

d) Estar dado de alta no réxime de traballadores autónomos da Seguridade Social nos dez últimos anos de forma ininterrompida

e) Designar a persoa física continuadora da actividade, con capacidade legal para exercer o comercio.

f) Que figure inscrito no Rexistro Galego de Comercio ou ter solicitada a inscrición

2. As persoas designadas polo solicitante para a remuda comercial, con capacidade legal para exercer o comercio, quedando vinculadas ambas as persoas para a concesión da subvención.

En ningún caso pode un cónxuxe ser adquirente do outro cónxuxe que transmite a actividade comercial.

### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150128/AnuncioCA04-210115-0004\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150128/AnuncioCA04-210115-0004_gl.html)

## [ OUTRAS AXUDAS DE INTERESE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NON LABORAIS

PRAZO DE PRESENTACIÓN ATA O 31 DE MARZO ]

### *Subvención para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realizan prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil.*

**BENEFICIARIAS:** empresas con centro de traballo en Galicia que, logo da sinatura dun convenio de prácticas non laborais co Servizo Público de Emprego de Galicia no marco do Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, subscriban acordos con persoas novas para a realización de prácticas non laborais.

#### **REQUISITOS DAS PRÁCTICAS:**

- As empresas ou grupos empresariais, en colaboración cos servizos públicos de Emprego e no marco da responsabilidade social empresarial, poderán subscribir acordos con persoas novas, con ningunha ou moi escasa experiencia laboral, co obxecto de realizar prácticas de carácter non laboral nos seus centros de traballo, co fin de contribuír a mellorar a súa empregabilidade e ofrecerlles un primeiro contacto coa realidade laboral a través do acercamento a ela, ao tempo que contribúen a completar a formación acadada pola persoa nova.

- Duración de entre seis e nove meses; e a xornada laboral será, como mínimo, de catro horas



diarias, e non poderán superar as corenta horas semanais.

- As prácticas desenvolveranse en centros de traballo da empresa ou do grupo empresarial, baixo a dirección e supervisión dunha persoa que as titorice. Á finalización das prácticas non laborais, as empresas deberán entregar ás persoas que as realizaron un certificado no que conste, polo menos, a práctica realizada, os contidos formativos inherentes a ela, a súa duración e o período de realización.

- As empresas ou grupos empresariais en que se desenvolvan as prácticas aboarán ás persoas novas participantes unha bolsa de apoio cuxa contía neta será, como mínimo:



- 1, 2 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas teñan unha duración de catro horas diarias. (639 €)

- 1,5 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando as prácticas duren máis de catro horas diarias.(798€)

#### DESTINATARIOS DAS PRÁCTICAS

1. persoas novas que teñan máis de 18 anos e e menos de 25 e as persoas menores de 30 anos con grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, que posúan unha titulación oficial universitaria, titulación de formación profesional, de grao medio ou superior, ou titulación do mesmo nivel que o desta última, correspondente ás ensinanzas de formación profesional, artísticas ou deportivas, ou ben un certificado de profesionalidade. Así mesmo, non deberán ter tido unha relación laboral ou outro tipo de experiencia profesional superior a tres meses na mesma actividade.

Estas persoas deberán ser, en todo caso, persoas inscritas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde e rematará o 31 de marzo de 2015.



#### CONTÍA SUBVENCIONABLE

O importe da subvención concretarase nas seguintes contías:

- 100 por cen do IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de catro horas diarias.

- 1,1 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de catro horas diarias, cando a persoa nova sexa unha muller.

- 1,2 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de máis de catro horas diarias.

- 1, 4 veces o IPREM mensual vixente por cada unha das persoas novas mentres duren as prácticas se estas teñen unha duración de máis de catro horas diarias, cando a persoa nova sexa unha muller.

Pagamento e xustificación das subvencións: unha vez finalizado o período de prácticas, logo da presentación por parte da empresa da xustificación do pagamento das bolsas a cada unha das persoas novas que están realizando as prácticas.

#### REFERENCIA LEXISLATIVA

[http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioCA05-220115-0003\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150127/AnuncioCA05-220115-0003_gl.html)